



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dous de febreiro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de xaneiro de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. (Diario Oficial de Galicia número 16-Bis, do 26 de xaneiro de 2021).
- Orde do 26 de xaneiro de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 16-Bis, do 26 de xaneiro de 2021).
- Lei 3/2021, do 28 de xaneiro de 2021, da Presidencia da Xunta de Galicia, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. (Diario Oficial de Galicia número 19, do 29 de xaneiro de 2021).



- Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, da Presidencia da Xunta de Galicia, de medidas fiscais e administrativas. (Diario Oficial de Galicia número 19, do 29 de xaneiro de 2021).
- Resolución do 28 de decembro de 2020, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E). (Diario Oficial de Galicia número 19, do 29 de xaneiro de 2021).
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 20, do 1 de febreiro de 2021).
- Correo electrónico, do 1 de febreiro de 2021, do servizo de soporte da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, no que se comunica a activación e posta en marcha da integración da Plataforma do COAG coa Plataforma TEDeC/Módulo de Urbanismo, o que permite a tramitadores e técnicos municipais o acceso telemático á documentación dos proxectos visados electronicamente no momento que sexa necesaria para a súa tramitación, e simplifica a presentación por parte do cidadán.

### **3º. Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no POS+ 2021**

Con data 29 de xaneiro convocouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o día 2 de febreiro de 2021, remitíndose xunto coa convocatoria a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de xaneiro de 2021, respecto da non división en lotes dos investimentos incluídos no POS+ 2021.

Detectados diversos erros na redacción da proposta, con data 1 de febreiro, a concelleira delegada asinou nova proposta, que foi remitida a todos os membros da Xunta de Goberno Local nese mesmo día, e que consta do seguinte teor literal:

«O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021, aprobou o Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS + 2021”.

Segundo a base 5.B.3.4 das reguladoras do Plan, no suposto de que os investimentos sexan susceptibles de división en lotes, pero o concello opte por non dividilos e incluílos no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan, a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo co previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, segundo o modelo do anexo IX.

Vistos os informes técnicos (anexos V das bases reguladoras) emitidos con data do 15 de xaneiro de 2021 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal e o arquitecto municipal para cada investimento incluído no POS+ 2021, por esta concelleira, con data 29 de xaneiro de 2021, asinouse a proposta de acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local para dar cumprimento a base 5.B.3.4 das reguladoras do plan provincial, proposta que foi remitida xunto coa convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o día 2 de febreiro de 2021.

Detectados unha serie de erros que de seguido se relacionan na redacción da proposta, procede a súa modificación co fin de dar correcto cumprimento ao anexo IX das bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”:

- No punto primeiro dos acordos faise referencia ao POS+2020



- Na táboa de investimentos figura a “Reforma integral da zona verde pública da rúa Otero Pedraio. Cambre”, en vez do proxecto denominado “Reforma integral da praza Fernando Buesa. Cambre”
- A xustificación dos motivos polos que non procede dividir en lotes os obxectos dos proxectos faise de xeito único, sen ter en conta que os informes técnicos (anexos V das bases reguladoras do Plan provincial), emitidos pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal e polo arquitecto municipal, non recollen para todos os proxectos unha mesma xustificación

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**, de acordo coa redacción da presente proposta:

**Primeiro:** De conformidade cos informes técnicos [anexos V das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”], emitidos polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de data 15 de xaneiro de 2021, acórdase:

1.- Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento
Mellora funcional do espazo exterior do centro social de Pravio. Cambre	34.994,31 €
Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo. Cambre	40.000,00 €
Reordenación do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez. Cambre	69.802,41 €
Reordenación da rúa María Mariño. Cambre	124.479,66 €
Remodelación da parada de bus da rúa Tapia. Cambre	35.717,93 €
Reforma integral da praza Fernando Buesa. Cambre	300.000,00 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

X	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
X	Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
X	Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.

**Segundo:** De conformidade co informe técnico [anexo V das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”], emitido pola



enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 15 de xaneiro de 2021, acórdase:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento
Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre	57.310,89 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

X	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
---	---

X	Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
X	Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.
X	<p>Outros motivos técnicos:</p> <p>A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.</p> <p>Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son a de "Varios" e as relativas á seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.</p> <p>Ademais, se o que se pretende é a concorrencia, calquera empresario con capacidade para contratar pode facelo, xa que a súa solvencia técnica podería acreditarse, ben mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e categoría, ou mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.</p> <p>Segundo o artigo 77. <i>Esixencia e efectos da clasificación</i>, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras. Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible modificación ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advértense expresamente desta posibilidade. Polo que no caso máis desfavorable:</p> <p>OEC: 57.310,89 €</p>



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

OEC sen IVE: 47.364,37 €  
Posible Modificación (20%): 9.472,87 €  
Valor estimado total: 56.837,24 €

Polo que o Valor estimado total ascende a 56.837,24 € (< 500.000 €). Aínda que este non é o caso, para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, clasificáremolo no seguinte, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015):

GRUPO G, Viais e pistas

SUBGRUPO 6, Obras vias sen cualificación específica.

CATEGORIA 1, cando a contía do contrato sexa inferior a 150.000 €.

**Terceiro:** De conformidade co informe técnico [anexo V das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"], emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, de data 15 de xaneiro de 2021, acórdase:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento
Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple, Cambre	148.822,45

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

X	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
---	---

X	Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
X	Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións.
X	Outros motivos técnicos:  A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.  Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adjudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son a de "Varios" e as relativas á seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adjudicación en lotes.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Ademais, se o que se pretende é a concorrência, calquera empresario con capacidade para contratar pode facelo, xa que a súa solvencia técnica poderá acreditá-la, ben mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e categoría, ou mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

Segundo o artigo 77. *Esixencia e efectos da clasificación*, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, para poder contratar coas Administracións Públicas contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros, é necesario estar clasificado como contratista de obras. Para o cálculo do valor estimado, no caso dos contratos de obras, subministracións e servizos, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadero segundo as súas estimacións, ademais da súa posible modificación ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advirtense expresamente desta posibilidade. Polo que no caso máis desfavorable:

OEC: 148.822,45 €  
OEC sen IVE: 122.993,76 €  
Posible Modificación (20%): 24.598,75 €  
Valor estimado total: 147.592,51 €

Polo que o Valor estimado total ascende a 147.592,51 € (< 500.000 €). Aínda que este non é o caso, para os efectos de que o empresario poida acreditar a súa solvencia mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato, clasificáremolo no seguinte, segundo o Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (BOE núm. 213, do 5 de setembro de 2015):

GRUPO G, Viais e pistas  
SUBGRUPO 6, Obras vias sen cualificación específica.  
CATEGORIA 1, cando a contía do contrato sexa inferior a 150.000 €.

»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 1 de febreiro de 2021, tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 22 ao 28 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 81/2021 e remata coa resolución da Alcaldía número 115/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
81/2021	22-01-2021	Concesión anticipos reintegrables ao funcionario interino IFD e á funcionaria de carreira AMSE por importe de 3.005,06 euros e 3.000 euros respectivamente
82/2021	22-01-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de xaneiro de 2021
83/2021	22-01-2021	Denegar a axuda recibo luz por superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecido. Solicitante: VSS
84/2021	22-01-2021	Desistimento tarxeta estacionamento de JMGM



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

85/2021	22-01-2021	Denegar a axuda alimentación básica e hixiene persoal por non estar empadroada no municipio de Cambre. Solicitante: FMA
86/2021	25-01-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 91.214,52 €
87/2021	25-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
88/2021	25-01-2021	Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do cuarto trimestre do ano 2020
89/2021	25-01-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RMAM
90/2021	25-01-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: UVRI
91/2021	25-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
92/2021	25-01-2021	Aprobación de retribución polo desempeño de funcións como tesoureira en acumulación pola secretaria-interventora do concello de Xermade no concello de Cambre en virtude da Resolución da Dirección Xeral de Administración local 20/11/2020
93/2021	25-01-2021	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de xaneiro de 2021
94/2021	25-01-2021	Informe de Intervención OFP 6/2020-Omisión de Fiscalización, relativo ao acordo de prórroga do contrato do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre. Expediente 2019/C004/000008
95/2021	26-01-2021	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do "Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021"
96/2021	26-01-2021	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do "Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021"
97/2021	26-01-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: XZL
98/2021	26-01-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JGB
99/2021	26-01-2021	Tramit. de subv. segundo a ORDE do 23 de decembro pola que establecen as bases das axudas a entidades locais de Galicia para a mellora das coleccións e a adquisición de novidades editoriais para as bibliotecas municipais (cód. CT235A)
100/2021	26-01-2021	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas polo estado da vexetación na que se atopa a parcela sita en Sarnoso, Brexo. Propiedade: JLLC
101/2021	26-01-2021	Licenza de primeira ocupación de vivenda situada en Outeiro. Propiedade: SPS
102/2021	26-01-2021	Mantemento do Servizo de Normalización Lingüística 2021
103/2021	26-01-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo

		de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DOC
104/2021	26-01-2021	Subministración de farmacia para a docencia do obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-2021.
105/2021	26-01-2021	Expediente núm. 1/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao exercicio 2021
106/2021	26-01-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
107/2021	27-01-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 51.470,74 €
108/2021	27-01-2021	Expediente sancionador por infracción á ordenanza de talas na Mota, Cecebre. Propietario: MI, S.L.
109/2021	27-01-2021	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso á vivenda situada no lugar de Drozo, Cambre. Solicitante: JVR
110/2021	27-01-2021	Reposición legalidade urbanística por exercicio de actividade de tenda de alimentación sita en rúa Constitución, O Temple. Propiedade: VRL
111/2021	27-01-2021	Proxecto de segregación finca mazás 114 a 159 do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, instruído a instancia de TeE
112/2021	27-01-2021	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Toural, Cambre. Propiedade: irmás IM
113/2021	27-01-2021	Concesión axuda aluguer por importe de 475 euros. Solicitante: MTVL
114/2021	27-01-2021	Corrección de erros de resolución núm. 105/2021, de data 26/01/2021. Expediente núm. 1/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao 2021
115/2021	28-01-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de xaneiro de 2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do contrato menor das "Obras necesarias para a mellora de varios recintos deportivos exteriores do Concello de Cambre" á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 22.993,14 € sen IVE, 27.821,70 € IVE incluído. Expediente número 2021/C002/000001
- Proposta de adjudicación da obra "Proxecto básico e de execución de desmorte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020", a prol do licitador Ocisat, SL, no prezo ofertado de 19.129,58 euros sen IVE, 23.145,79 euros IVE incluído. Expediente número 2020/C003/000005
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000021, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)
- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao "Servizo de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do ICIO, á empresa Bona Fide Lema, S.L.L., no prezo de 13.410,83 euros (IVE incluído). Expediente número 2020/C002/000246





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adxudicación do contrato menor das "Obras necesarias para a mellora de varios recintos deportivos exteriores do Concello de Cambre" á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 22.993,14 € sen IVE, 27.821,70 € IVE incluído. Expediente número 2021/C002/000001**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 12 de novembro de 2020 asínase polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado "Descrición técnica para a mellora de varios recintos deportivos exteriores. Cambre", cun orzamento de 23.901,40 € sen IVE, 28.920,69 € IVE incluído.

En dito documento propónse mellorar diferentes aspectos referidos a particularidades relacionadas coa seguridade e protección que actualmente presentan algúns recintos ou equipamentos que se empregan para a práctica deportiva ao aire libre, é dicir, mellorar as instalacións e optimizar as condicións de uso e seguridade das mesmas. Os recintos deportivos nos que se pretende actuar son: a pista polideportiva exterior de Santa María de Vigo, a pista polideportiva exterior de Meixigo, a pista polideportiva exterior de Sigrás, o campo de fútbol de Brexo e o campo de fútbol de A Barcala. Nalgúns casos o cerramento dos recintos está deteriorado e é necesaria a súa reposición; noutros este cerramento non existe polo que urxe a súa realización para garantir a seguridade da instalación e a dos propios usuarios. Nalgún caso tratarase de actuar nun elemento interno do propio recinto, e noutro, o obxectivo será completar algún elemento de protección existente na instalación.

Con data 11/01/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador da Área de Educación e Cultura municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado no exercicio das competencias municipais en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, segundo establece o artigo 25.2.l) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP. En dito informe constátase que no Concello de Cambre *"hai varias instalacións deportivas exteriores utilizadas intensivamente polos veciños das diferentes parroquias, conseguintemente hai elementos que pola propia obsolescencia están deteriorados e son perigosos para a saúde e integridade física dos veciños. O Concello debe velar pola boa conservación e mantemento dos equipamentos municipais, por iso considérase precisa a citada contratación, urxente e necesaria debido ao uso intensivo das referidas instalación e para asegurar unha actividade segura. A realización destes servizos non se poden dilatar xa que estamos no momento idóneo para realizar as obras e conseguintemente desfrutar das mesmas no mes de marzo (primavera), sendo esta a de maior uso destes equipamentos ao aire libre"*.

Con data 13/01/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342. 21200 *"Mantemento de instalacións deportivas"*, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 23/01/2021 emítese informe asinado polo coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- LÓPEZ CAO, S.L.
- JARDINERÍA ARCE, S.L.
- CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta IVE incluído
LÓPEZ CAO, S.L.	28.486,87 €
JARDINERÍA ARCE, S.L.	27.821,70 €
CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS, S.L.	28.197,67 €

formulando proposta de adjudicación das “Obras necesarias para a mellora de varios recintos deportivos exteriores do Concello de Cambre” á entidade JARDINERÍA ARCE, S.L., con CIF B155\*\*\*\*\* e domicilio na rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado - 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 22.993,14 € sen IVE, 27.821,70 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 29 de xaneiro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 17/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 31 de xaneiro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o documento denominado “Descrición técnica para a mellora de varios recintos deportivos exteriores. Cambre”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito cun orzamento de 23.901,40 € sen IVE, 28.920,69 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342. 21200 “*Mantenemento de instalacións deportivas*”.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000001, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.



**Cuarto:** Adjudicar o contrato das “Obras necesarias para a mellora de varios recintos deportivos exteriores do Concello de Cambre” á entidade JARDINERÍA ARCE, S.L., con CIF B155\*\*\*\*\* e domicilio na rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado - 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 22.993,14 € sen IVE, 27.821,70 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador da área de Cultura e Educación municipal, don José Luís Martínez Názara.

**Sétimo:** Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de Cultura e Educación municipais, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adjudicación da obra “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020”, a prol do licitador Ocisat, SL, no prezo ofertado de 19.129,58 euros sen IVE, 23.145,79 euros IVE incluído. Expediente número 2020/C003/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C003/000005 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adjudicación, factor prezo), da obra “Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020”, cun orzamento base de licitación de 21.985,50 € sen IVE. 26.602,46 euros IVE incluído.

Vista a valoración do único criterio contemplado na cláusula 15 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 7 de decembro de 2020



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol do licitador "OCISAT, S.L." no prezo ofertado de 19.129,58 euros sen IVE, 23.145,79 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal, de data 8 de xaneiro de 2021.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria xeral e polo interventor municipal, de data 1 de febreiro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas de 25 de novembro e 7 de decembro de 2020, declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 11 e 12 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A) do mesmo prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Barnacle, Obras y Servicios, S.L.
- Construcciones Cernadas, S.L.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- Cosmalca, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Gestal y López, S.L.
- Mecano Obras y Reformas, S.L.
- Ocisat, S.L.
- T y C Canosa, S.L.
- Vilaríño Movimiento de Tierras y Obras, S.L.U.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 7 de decembro de 2020, a seguinte valoración das proposicións presentadas e a orde decrecente de clasificación das empresas licitadoras, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (LCSP), e en aplicación do único criterio de adxudicación establecido na Cláusula 15.3 do PCAP, o factor prezo, así como o límite das ofertas incurso en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 18.476,31 euros, polo que ningunha das ofertas presentadas se atopa nesta situación.

Licitador	Prezo sen IVE (€)	IVE (€)	Total (€)
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	21.668,91	4.550,47	26.219,38
Construcciones Cernadas, S.L.	20.413,22	4.286,78	24.700,00
Construcciones Pan y Díaz, S.L.	19.234,58	4.039,26	23.273,84
Cosmalca, S.L.	21.322,31	4.477,69	25.800,00
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	21.985,50	4.616,96	26.602,46
Gestal y López, S.L.	20.277,23	4.258,22	24.535,45
Mecano Obras y Reformas, S.L.	19.742,11	4.145,84	23.887,95
Ocisat, S.L.	19.129,58	4.017,21	23.145,79
T y C Canosa, S.L.	19.967,23	4.193,12	24.160,35
Vilariño Movimiento de Tierras y Obras, S.L.U.	21.551,66	4.525,85	26.077,51

Orde	Licitador	Puntuación
1º	Ocisat, S.L.	100,00
2º	Construcciones Pan y Díaz, S.L.	96,32
3º	Mecano Obras y Reformas, S.L.	78,55
4º	T y C Canosa, S.L.	70,67
5º	Gestal y López, S.L.	59,82
6º	Construcciones Cernadas, S.L.	55,05
7º	Cosmalca, S.L.	23,22
8º	Vilariño Movimiento de Tierras y Obras, S.L.U.	15,19
9º	Barnacle Obras y Servicios, S.L.	11,09
10º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	0,00

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 7 de decembro de 2020, adjudicar a obra "Proxecto básico e de execución de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xullo 2020", a prol do licitador "OCISAT, SL.", con NIF B154\*\*\*\*\* e domicilio en R/Zaragoza 3, baixo - 15140 Arteixo (A Coruña), no prezo ofertado de 19.129,58 euros sen IVE, 23.145,79 euros IVE incluído", por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación do único criterio de adjudicación que consta na cláusula 15.3 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, non estar incurso en presunción de ser anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Cuarto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Quinto:** Designase como directora da obra á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López, que exercerá así mesmo as facultades de responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

De conformidade coa resolución de Alcaldía nº 2636/2018, de 20 de decembro, expediente de contrato menor 2018/C002/000462, a coordinación de Seguridade e Saúde correspóndelle á entidade "Gallega de Coordinacións, S.L." (GALCOOR) con NIF B701\*\*\*\*.

**Sexto:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á entidade encargada da coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sétimo:** Notifíquese á directora de obra-responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000021, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 29 de xaneiro de 2021, asínase pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Nesa mesma data asinouse pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022).

Con data 1 de febreiro de 2021 elaborouse pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, réxime de penalidades e condicións especiais de execución para a contratación do mencionado servizo, así como o modelo de Anexo de proposición económica.

Consta o documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal e asinado o 19 de xaneiro de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 151.22706.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 1 de febreiro de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais, de data 1 de febreiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde mediante Resolución de Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da **Xunta de Goberno Local**, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, a medio da presente providencia, **RESOLVO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de infraestrutura viaria e equipamentos da súa titularidade, contratando o servizo de control de calidade durante a execución das obras municipais que persegue a mellora tanto da infraestrutura como dos equipamentos de titularidade municipal (art. 25.2.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000021, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)
- Orzamento base de licitación: 62.537,82 euros (para os 2 anos de vixencia do contrato)
- Valor estimado: 85.278,83 euros
- Duración: 2 anos máis unha prórroga de 1 ano de duración

isto a teor do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 151.22706, comprometéndose o Concello a



consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, de ser o caso.

**Cuarto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

**Presidenta:** A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

O enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño e, como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha durante a súa vixencia, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto do 10% modificación por posible aumento de medición das obras, e as modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao “Servizo de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do ICIO, á empresa Bona Fide Lema, S.L.L., no prezo de 13.410,83 euros (IVE incluído). Expediente número 2020/C002/000246**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de febreiro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 13 de xaneiro de 2021 asíñase polo interventor municipal – coordinador da Área Económica, don Francisco Javier Ulloa Arias, o Prego de Prescricións Técnicas para a contratación do Contrato Menor do servizo





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), cun orzamento de 14.583,33 € sen IVE, 17.645,83 € IVE incluído.

En dito documento descríbese o obxecto do contrato como “... a colaboración e asistencia técnica ao Concello de Cambre no exercicio das funcións de xestión, comprobación e inspección do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Con carácter xeral, o presente contrato abrangue a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia técnica e xurídica se consideren necesarias, que comprenderán, entre outros, toma de datos, achega de documentación polos obrigados tributarios, emisión de informes técnicos e asistencia na emisión de informes xurídicos, así como todas aquelas actuacións que puideran facilitar o cumprimento destes traballos e que en ningún caso poderán dar lugar á produción de actos administrativos ou que impliquen exercicio de autoridade”, esto co obxectivo de acadar “que o Concello de Cambre, a través deste servizo poida regularizar, se procede, a situación tributaria das persoas físicas ou xurídicas ou entidades suxeitas ao ICIO e, dado que non dispón de medios humanos e materiais suficientes para desenvolver os traballos, precísase a contratación dos servizos regulados no presente prego”

Con data 13/01/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador da Área Económica e pola concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado no exercicio das competencias municipais en materia tributaria, toda vez que o concello ten establecido na ordenanza fiscal nº 4 o procedemento de autoliquidación do imposto no momento de solicitar a licenza ou presentar a comunicación previa, e que, segundo a ordenanza fiscal, a base impositiva do ICIO calcularase tendo en conta os parámetros contidos no Anexo da mesma, sendo preciso en cada caso informe detallado dos servizos técnicos no que se poñan de manifesto os criterios de aplicación. Establécese tamén na ordenanza fiscal, de acordo co artigo 103 do RDL 2/2004, de 5 de abril, que unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o seu custo real e efectivo, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda, e tendo en conta que o Concello de Cambre non conta cos medios pessoais suficientes para levar a cabo estes traballos, polo que a dita contratación considérase necesaria para a realización, en colaboración coa Área Económica municipal, da xestión tributaria e inspección do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Con data 12/01/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 920.22706 “Estudos e traballos técnicos Admón. xeral”, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 01/02/2021 emítese informe asinado polo coordinador da Área Económica municipal, no que consta que, trala publicación do anuncio de licitación do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratos do Sector Público, e transcorrido o prazo de presentación de ofertas, formularon proposición os seguintes licitadores:

Empresa	Porcentaxe ofertado sobre o orzamento de execución material	Criterio de adxudicación específico para o desempate
BONA FIDE LEMA S.L.L.	19 %	05 días
SERGIO LOUZAN SAAVEDRA	19 %	20 días
NOROESTE LOCAL S.L.	19 %	20 días



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

formulando proposta de adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do ICIO, á empresa BONA FIDE LEMA S.L.L., con NIF \*\*\*\*\*9773, domicilio en R/ Caeiro 1, CP 36690, Soutomayor (Pontevedra), no prezo de 13.410,83 euros (IVE incluído), por ser a empresa que realizou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, ofertando como porcentaxe sobre os orzamentos de execución material o 19%, e 5 días como prazo de resolución de liquidacións provisionais.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 1 de febreiro de 2021, que conta co intervido e conforme do coordinador da Área Económica municipal, e contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia tributaria, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas que regulan a contratación do Contrato Menor do servizo de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), elaborado polo interventor municipal – coordinador da Área Económica, don Francisco Javier Ulloa Arias, con data do 13 de xaneiro de 2021, cun orzamento de 14.583,33 € sen IVE, 17.645,83 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920.22706 “Estudos e traballos técnicos Admón. xeral”.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000246, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo de colaboración e asistencia técnica na xestión tributaria e inspección do ICIO, á empresa BONA FIDE LEMA S.L.L., con NIF \*\*\*\*\*9773, domicilio en R/ Caeiro 1, CP 36690, Soutomayor (Pontevedra), no prezo de 13.410,83 euros (IVE incluído), por ser a empresa que realizou a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, ofertando como porcentaxe sobre os orzamentos de execución material o 19%, e 5 días como prazo de resolución das liquidacións provisionais.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Quinto:** De conformidade co establecido na cláusula 8 do Prego de Prescricións Técnicas, o adxudicatario ten a obriga de presentar, no prazo de dez días desde a notificación da adxudicación do contrato, unha declaración na que poña de manifesto onde van a estar ubicados os servidores e desde onde se van a prestar os servizos asociados aos mesmos, e así mesmo ten a obriga de comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración anterior.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sétimo:** Designar como responsable do contrato ao interventor municipal – coordinador da Área Económica, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do/a responsable da Tesourería municipal.

**Oitavo:** Notifíquese aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia